



XUGeX

III Xornada Universitaria Galega
en Xénero

Alicia Díaz Balado

Declaración Universal de Derechos Humanos (1948). Organización de las Naciones Unidas (ONU). En <http://www.derechoshumanos.net/normativa/normas/1948-DeclaracionUniversal.htm?gclid=COmW8fT3IsUCFSHItAodxTMAHw>. Consultado: 27/04/2015

Derechos Humanos Emergentes (2004). Institut drets Humans de Catalunya (IDHC). En: http://www.idhc.org/esp/1241_ddhe.asp. Consultado: 27/04/2015

Unha contribución á visibilización do traballo das mulleres nas explotacións agrarias familiares. Galicia, 1880-1930

Freire Esparís, María Pilar
Departamento de Historia e Institucións Económicas
Universidade de Santiago de Compostela
mdelpilar.freire@usc.es

Resumo

O obxectivo desta comunicación é contribuír a un mellor coñecemento do fundamental papel desempeñado polas mulleres galegas na reprodución das explotacións agrarias familiares. Unha mirada histórica que pode axudar a comprender o presente e, así mesmo, pon de relevo a importancia da consecución dun dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible propostos pola ONU consistente en “alcanzar a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas”.

Se consideramos o conxunto da poboación feminina galega, e non nos limitamos á consideración das integrantes das “clases medias”, destinatarias do discurso da domesticidade, temos que considerar que as mulleres galegas sempre tiveron un protagonismo destacado na vida económica do país, o que non se traduciu en melloras substanciais na súa situación de subordinación. Sabemos que as mulleres sempre xogaran na nosa sociedade agraria tradicional un papel moi activo como produtoras, e así se lles recoñecía mesmo no dereito civil de Galicia. O seu peso non fará máis que aumentar como efecto da emigración maioritaria dos varóns, o que se traduce nunha maior feminización do traballo na explotación familiar. Tamén é sobradamente coñecida a tradicional ocultación nas fontes estatísticas históricas da participación feminina no traballo agrario. Non obstante, a partir dos escritos de autores/as contemporáneos/as comprobaremos que esta eiva se compensa coa “visibilización” que fan escritores/as, xuristas, economistas e publicistas preocupados por describir a situación da agricultura en Galicia.

Palabras clave

Traballo feminino, actividade agraria, emigración, xénero.

Nacer e vivir no mundo rural galego achega, entre outras moi ricas vivencias, a de ser testemuña directa, non exenta tampouco de certo grao de protagonismo, do destacado papel desempeñado polas mulleres na actividade agraria, sen que iso se traduce en melloras substanciais na súa situación de subordinación e sen que se recoñecese nas estatísticas oficiais a súa contribución á vida económica¹. Sabemos que as mulleres sempre xogaran na nosa sociedade agraria tradicional un papel moi activo como produtoras, e así se lles recoñecía mesmo no dereito civil de Galicia. O seu peso non fará máis que aumentar como efecto da emigración maioritaria dos varóns², o que se traduce nunha maior feminización do traballo na explotación familiar.

Non se sostén a “invisibilidade” das mulleres no traballo agrícola se recollemos a visión de autores e autoras contemporáneos/as nas décadas finais do século XIX e primeiras do XX. Saliéntano ben escritores/as, xuristas, economistas e publicistas preocupados por describir a situación da agricultura en Galicia.

Esta comunicación céntrase en tratar de visibilizar o fundamental papel desenvolvido polas mulleres galegas na reprodución das explotacións agrarias familiares, unha mirada histórica que facilitará a comprensión do presente ademais de resaltar a importancia da consecución dun dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible definidos pola ONU como é “alcanzar a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e nenas”.

Se consideramos o conxunto da poboación feminina galega, e non nos limitamos á consideración das integrantes das “clases medias”, destinatarias “naturais” do discurso da domesticidade, temos que considerar que as mulleres galegas sempre tiveron un protagonismo destacado na vida económica do país. Xa Emilia Pardo Bazán denunciara en 1890 a inaplicabilidade do discurso oficial á realidade das mulleres campesiñas en Galicia, e faino con palabras contundentes:

[...] porque la igualdad de los sexos, negada en el derecho escrito y en las esferas donde se vive sin trabajar, es un hecho ante la miseria

1. Sirva como exemplo que os Padróns Municipais de Habitantes de carácter histórico non anotan as mulleres como traballadoras agrarias senón que se lles asigna como profesión “su sexo” ou “sus labores”.
2. Rodríguez Galdo, M^a Xosé (1993) e (1995).

Unha contribución á visibilización do traballo das mulleres nas explotacións agrarias familiares

del labrador, del jornalero o del colono. en mi país, galicia, se ve a la mujer encinta o criando, cavar la tierra, segar el maiz y el trigo, pisar el tojo, cortar la hierba para los bueyes. tan duras labores no levantan protesta alguna entre los profundos teóricos de la escuela de monsieur prudhomme, que, apenas se indica el menor conato de ensanchar las atribuciones de la mujer en otras esferas, exclaman llenos de consternación y santo celo que “la mujer no debe salir del hogar, pues su única misión es cumplir los deberes de madre y esposa”. el pobre hogar de la miseria aldeana, escaso de pan y fuego, abierto a la intemperie y al agua y al frío, casi siempre está solo. a su dueña la emancipó una emancipadora eterna, sorda e inclemente: la necesidad.

(Pardo Bazán, Emilia, 1890)

Como xa se sinalou, as mulleres sempre xogaran na nosa sociedade agraria tradicional un papel moi activo como produtoras. O seu peso non fará máis que aumentar como efecto da emigración maioritaria dos varóns, o que se traduce nunha maior feminización do traballo na explotación familiar. Non pode estrañar por iso a reivindicación do recoñecemento do dereito ao voto das mulleres dos emigrantes en América, ou a súa participación nas loitas antiforais e anticaciquís das primeiras décadas do XX.

A mediados do século XIX, co incremento da emigración ultramarina, é o momento no que o xa de por si significativo traballo das mulleres na explotación adquira unha maior relevancia. Así nolo apuntan voces como a de Leopoldo Martínez Padín, quen en 1849 escribía:

... aunque el territorio inculto de Galicia se someta al dominio de la reja y de la azada, el sistema de cultura de algunas comarcas, la misma feracidad de otras, el aumento constante de la población rural, la costumbre de que las mujeres se dediquen a las faenas del campo, ayudado por su temperamento robusto y vigoroso, y otras muchas causas que por nuestros estudios sobre Galicia las conocerán todos, sostendrán por mucho tiempo esas migraciones, por más que nos cansemos de buscar medios de impedir las.

(Martínez Padín, Leopoldo, 1849, páx. 122).

E tamén nolo recordan algunhas escritoras, fieis observadoras da realidade do seu tempo, como é o caso de Emilia Pardo Bazán, quen sinala:

No desmiente la mujer gallega las tradiciones de aquellas épocas lejanas en que dedicados los varones de la tribu a los riesgos de la guerra o a las fatigas de la caza, recaía sobre las hembras el peso total, no solo de las faenas domésticas, sino de la labor y cultivo del campo. Hoy como entonces, ellas cavan, ellas siembran, riegan y deshojan, baten el lino, lo tuercen, lo hilan y lo tejen en el gimiente telar; ellas cargan en sus fornidos hombros el saco repleto de centeno o maíz, y lo llevan al molino; ellas amasan después la gruesa harina mal triturada, y encienden el horno tras de haber cortado en el monte el haz de leña, y enhoran y cuecen el amarillo torterón de borona o el negro mollete de mistura.

(Pardo Bazán, Emilia, 1883)

Precisas referencias documentais nolas ofrecen os escritos de autores e autoras contemporáneos/as que presentan, ademais dunha preocupación polo tema emigratorio en xeral (analizando as súas causas e as solucións que se poderían ofrecer³), unha visión máis precisa do papel desenvolvido polas mulleres dentro desa sociedade afectada pola corrente migratoria. Preocupación que tamén saltara ás páxinas dos xornais. Así, en 1921, o avogado e periodista José Portal escribía:

... En los campos despoblados por la corriente emigratoria que nos lleva lo mejor de cada hogar aldeano, la mujer dirige y realiza las duras y penosas faenas agrarias con más fuerte ánimo que el varón; gobierna la hacienda y la confortata —porque se guarda el céntimo y no se malgasta el ochavo en tertulias de taberna, corros de atrio y pugilatos de romería— y cuida a la bulliciosa pollada infantil, sin decaer nunca en la ternura ni claudicar jamás en la severidad, uniendo a los rigores paternos el bálsamo de las maternales caricias, sumando a las altiveces del poder las compensaciones del querer, siendo la más bella encarnación de la disciplina y la imagen más clara y luminosa de la autoridad.

... En Galicia, las campesinas que lloran el amor ausente, las “viudas de vivos”, guían la yanta y empujan la manquera, dibujan las huebras y alzan al cielo las medas de oro, rapan las praderías virgilianas, esgrimiendo la hoz que olvidaron los celtas, y tunden los haces de paja con los pesados martillos de madera, bajo el sopor del mediodía.

(Portal Fradejas, José, 1921)

3. Freire Esparís, M^a Pilar; Losada Álvarez, Abel (1989).

Diversos autores, como Javier Vales Faílde (1902), Ricardo Mella (1934), Ramón Castro López (1923), Prudencio Rovira (1986), entre outros, insisten basicamente no papel desempeñado polas mulleres dos emigrantes na explotación agraria realizando funcións “típicamente masculinas”. Vales Faílde anota:

Contéplase muchas veces a la mujer y al niño bajo los ardores de los meses del verano, expuestos a los frios durisimos o a las lluvias torrenciales del invierno, ocupados en los más pesados oficios de la labranza. Son muchos los pueblos en los que el sexo debil desempeña todos los trabajos propios del hombre, en detrimento de su organización delicada y con evidente riesgo de su salud y de su vida.

(Vales Faílde, Javier, 1902, páx. 14)

Nesta mesma dirección pronunciase Prudencio Rovira dunha maneira incluso máis explícita:

Lo que más vale en Galicia es la mujer. Será porque la flor de la población viril busca en la emigración camino para desfogar en otros países las iniciativas que han dado tanta importancia a las colonias gallegas de América; será porque la participación activa que toma en trabajos, por lo común reservados al sexo fuerte, vigoriza en ella aptitudes que no ejercitan las hembras sedentarias y domésticas; será por lo que quiera, pero es lo cierto que la mujer gallega, sobre todo en las clases rurales, es el alma del hogar, el pensamiento director, la voluntad dominante.

(Rovira, Prudencio, 1903, páx. 163)

Da consideración do papel fundamental das mulleres no sostemento da explotación agraria familiar infírense outros cambios fundamentais na organización doméstica. Non se insistirá agora na complexidade familiar, característica da sociedade galega que perdurou ao longo do tempo, como demostran os estudos actuais⁴, nin, polo tanto, nos sistemas domésticos e sucesorios de maior vixencia en Galicia. Pero si insistiremos no que esta significa na asunción dun maior protagonismo do traballo feminino na explotación. Apunta Javier Vales Faílde que

...recorriendo toda la zona media de Galicia, vense leguas y leguas, sin una vivienda, y donde existen estas son pocas, con escaso terreno cultivado y el cultivo imperfectísimo, efecto natural de que sobre las

4. Freire Esparís, M^a Pilar (1988), (1997) e (2008).

mujeres pesan todas las labores, ya que los hombres que no han emigrado son débiles, enfermos o deformes, y de ahí el raquitismo que comienza a delinearse en nuestra antes vigorosísima raza.

(Vales Failde, Javier, 1902, páx. 42).

Visión que non comparte totalmente Gumersindo Buján, quen insiste máis no apoio que representa para a muller do emigrante unha institución de forte raizame no campo galego como a “Compañía familiar”⁵ :

El afán de la emigración a remotos países en busca de fortuna se ha desarrollado con tal incremento en los labradores gallegos, que existen pueblos enteros en donde apenas se encuentra un hombre casado de mediana edad. En algunos puntos es costumbre abandonar la mujer al día siguiente del matrimonio para acometer la aventura de la emigración, pues el desequilibrio entre los gastos y la producción no permite al marido sostener las cargas del nuevo estado. En esta situación, mientras el marido corre azares y riesgos para encontrar trabajo y conseguir acumular el producto de sus humanos esfuerzos, la mujer queda en compañía de sus padres o suegros y hermanos, y en el seno de la familia vive conforme a sus condiciones morales rodeada de seres y elementos que le hacen tener siempre presente el cumplimiento del deber.

Al par que encuentra quien le ayude en sus necesidades, quien le socorra en sus desgracias y le preste auxilio en sus trabajos, si no con el amor del esposo, con el cariño del padre y del hermano, halla también el medio de cuidar sus pequeñas propiedades, y si carece de ellas encuentra también el premio de su trabajo en el resultado de las ganancias obtenidas por la compañía de la que forma parte. Así, y merced a esta institución de matiz autoctónico, cuando el esposo vuelve a reunirse con su mujer y le ofrece el producto de su actividad en la emigración, recibe también de ella la ganancia que le correspondió en la compañía familiar.

(Buján y Buján, Gumersindo, 1887, páx. 74).

5. A “Compañía familiar”, tamén chamada en Galicia “Sociedade Galega” ou “Sociedade de familias”, era, como recolle a lei de 2 de decembro de 1963 de Compilación de Dereito especial de Galicia, aquela compañía que se constitúe entre os labradores ligados con vínculos de parentesco, para vivir xuntos e explotar en común terras ou “lugar acasado” pertencentes a todos ou a algún dos reunidos.

As vantaxes da “Compañía familiar” tamén as apunta Manuel Montero Lois, quen destaca dun modo especial o apoio que representa esta institución para as mulleres cando o home está ausente.

Basándose dicha compañía en el cariño y en el interés,... consagra y eleva la dignidad de la mujer y del hijo en el seno de la familia; atiende más que a las relaciones de bienes que, por supuesto, no olvida, a las personales y morales, proporcionando lenitivo y consuelo a los achaques y penas que son cortejo inseparable de la vejez y de la enfermedad; da seguro y generoso abrigo a la desgracia, impidiendo las resoluciones impremeditadas de los miembros de la familia que, contrariados por los azares de la suerte, emigran en aras de la esperanza en busca de un abismo de miseria, dejando tal vez a la espalda la segura base de un modesto bienestar; y, últimamente, cuando necesidades apremiantes o reveses de la tornadiza fortuna obligan al marido a abandonar el hogar para dirigirse a la tentadora América o a las extensas y abrasadas planicies castellanas, en busca de unos cuantos céntimos amasados con su copioso sudor, sirve de protectora égida y de saludable sostén de la virtud de la esposa, rodeada de tiernos hijos, la que también, por su participación en la sociedad familiar, suele poder manifestar, entre ósculos de amor, al recién llegado marido los pequeños progresos realizados, a fuerza de privaciones, en la común hacienda.

(Montero Lois, Manuel, 1898, páx. 99).

A cooperación de todos os membros da familia no sostemento da casa campesiña retrasaría a saída das mulleres; así para Núñez González a «Compañía familiar galega» é de vital importancia pois «al estrechar y fortalecer los vínculos familiares se roba un gran contingente a la emigración colectiva»⁶.

As observacións dos/as contemporáneos/as, máis que os datos de natureza estatística, permiten “rescatar” o traballo das mulleres na explotación familiar e devolverlles, polo tanto, o seu protagonismo na vida económica do país como en efecto resaltan escritores/as, xuristas, economistas ou publicistas preocupados por describir a situación da agricultura en Galicia. E este protagonismo non fixo máis que afianzarse a medida que a intensificación das prácticas agrarias requiriu da mobilización de toda a forza de traballo familiar, e tamén a medida, o que non é incompatible co anterior, que a emigración arrancaba da “casa campesiña” un considerable número de brazos, na súa maioría de varóns mozos.

6. Núñez González, Manuel (1917), páx. 7.

O traballo non diferenciado das mulleres nas tarefas agrícolas, nin sequera naquelas que requirían dun maior esforzo físico, mostra a inaplicabilidade das teorías do determinismo biolóxico á hora de explicar o seu papel subordinado. A este respecto, xa Emilia Pardo Bazán en 1890, como recollíamos, denunciara sen ambages a realidade das campesiñas galegas.

En definitiva, consideramos que a invisibilidade do fundamental papel desempeñado polas mulleres galegas nas explotacións agrarias familiares, antes e agora, dificulta acadar a igualdade de xénero. Mentres persista este atranco, non se cumpre unha condición previa para o desenvolvemento sostible.

Bibliografía

Buján y Buján, Gumersindo (1887): *Estudio sobre el contrato de Compañía de familia*, Orense.

Castro López, Ramón (1923): *La emigración en Galicia*, Tip. Noroeste, A Coruña.

Freire Esparís, M^a Pilar (1988): "Sistemas domésticos e economía campesiña. Análise das estruturas familiares no Concello de Brión no século XIX", *Grial*, nº 100, 183-191.

Freire Esparís, M^a Pilar (1997): "Estructuras familiares, economía campesina y comportamientos matrimoniales en la provincia de A Coruña a finales del siglo XIX", en *Congreso Internacional de Historia de la Familia*, Universidad de Murcia.

Freire Esparís, M^a Pilar (2008): *A familia rural na Galicia contemporánea*, Ed. Lóstrego, Santiago de Compostela.

Freire Esparís, M^a Pilar.; Losada Álvarez, Abel (1989): "Aproximación al estudio de la emigración en el pensamiento económico gallego". *Revista de Historia Económica*, nº 4, 99-105.

Martinez Padín, Leopoldo (1849): *Historia Política, Religiosa y Descriptiva de Galicia*, Madrid.

Mella, Ricardo (1934): *El problema de la emigración en Galicia*, Gijón.

Montero Lois, Manuel (1898): *La compañía familiar gallega*, A Coruña.

Núñez González, Manuel (1917): *La Compañía Gallega*. Discurso para el ingreso como académico en la Real Academia Gallega.

Pardo Bazán, Emilia (1883): "La Gallega", *El Eco de Galicia*, A Habana.

Pardo Bazán, Emilia (1890): "El Pueblo", *La España Moderna*, nº XX.

Portal Fradejas, José (1921): "Feminismo", *La Voz: Semanario literario, artístico político*, Santiago de Compostela.

Rodríguez Galdo, M.^a Xosé (1993): *Galicia, país de emigración*, Colombres, Archivo de Indianos.

Rodríguez Galdo, M.^a Xosé (1995): *O fluxo migratorio dos séculos XVIII ó XX*, Xunta de Galicia Santiago de Compostela.

Rovira, Prudencio (1986): "El campesino gallego", en Vicenti, A.: *Aldeas, aldeanos y labriegos en la Galicia tradicional*. Ed. de José Antonio Durán. Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, 149-202.

Vales Faílde, Javier (1902): *La emigración gallega*, Madrid.